

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 24 de novembro de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado de aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. VG-4.4 e AG-57, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, de clave PO/22/148.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Pola Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 14 de novembro de 2022 realizouse a aprobación técnica previa do trazado do proxecto de mobilidade sustentable de aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. VG-4.4 e AG-57, de clave PO/22/148.06, nos municipios de Nigrán e Marín (Pontevedra), que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado de aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. VG-4.4 e AG-57, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next-GenerationEU, de clave PO/22/148.06, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, mediante escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que cal-



quera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente para o fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43-1^o, 36071 Pontevedra) e nas casas dos concellos de Nigrán (praza da Constitución, s/n, 36350 Nigrán, Pontevedra) e Marín (avenida de Ourense, s/n, 36900 Marín, Pontevedra).

Así mesmo, estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade <https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>, a seguinte documentación:

- A documentación íntegra do proxecto.
- Un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. VG-4.4 e AG-57.

Clave: PO/22/148.06.

Concello de Nigrán.

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI	Exprop. (m²)	Clasificación urbanística	Sit. básica do solo	Clase de solo
1	54035A07600227	76	227	Angelina Costas Rodríguez	***8168**	129	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
2	54035A07600226	76	226	María Luisa Barros Vidal	***8545**	224	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
3	54035A07600319	76	319	Luis Barros González (hros.)	***6861**	132	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
4	54035A07600225	76	225	Modesto González Martínez	***6542**	468	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
5	54035A07600224	76	224	José Antonio Iglesias Puime Gonzalo Iglesias Puime	***5449**	216	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
6	54035A07600223	76	223	Manuel González Iglesias (hros.)	***2136**	195	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
7	54035A07600222	76	222	Ermitas Martínez González	***5061**	93	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico
8	54035A07600221	76	221	Ramona Nandín Hermida	En investigación	10	Solo non urbanizable de protección e conservación das ribeiras do río Miñor	Rural	Rústico

